

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE) PARA LEVAR A CABO A CONTRATACIÓN CONXUNTA DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUNHA PROTECCIÓN DA PISTA DE ATLETISMO QUE PERMITA A COMPATIBILIZACIÓN DOS EVENTOS DEPORTIVOS COS EVENTOS FERIAIS

En Santiago de Compostela, a 12 de xuño de 2018

REUNIDOS

A Sra. _____, Secretaria Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en exercicio das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

O Sr. _____, en calidade de alcalde presidente do Concello de Ourense e vicepresidente segundo desta Fundación, exerce as funcións de VICEPRESIDENTE PRIMEIRO EXECUTIVO e por tanto REPRESENTANTE LEGAL da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, por ausencia do presidente titular e do vicepresidente primeiro, tal e como se establece nos artigos 24 e 25 dos Estatutos desta Fundación. Que tomou posesión coma membro do Padroado desta Fundación con data 18 de xuño de 2015.

Actuando ambos coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

No exercicio da devandita competencia, o Parlamento de Galicia ditou a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que no artigo 4 dispón que “no ámbito das súas respectivas competencias, as administracións públicas galegas fomentarán a práctica do deporte conforme aos seguintes principios: (...) j) A planificación e promoción dunha rede de instalacións deportivas que posibilite a xeneralización práctica da actividade deportiva”.

Pola súa parte, o artigo 9 da mesma norma establece que as competencias en materia de deporte das diferentes administracións públicas de Galicia exerceranse baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral, e o seu artigo 6 recolle que, para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

II.O Recinto Feiral de Expourense foi aberto en 1996, despois de que a Fundación que o impulsou se constituíra o 24 de decembro de 1992. Os patróns e socios fundadores foron a Xunta de Galicia (Consellería de Industria e Comercio), Concello de Ourense, INORDE (Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico), Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense e a Confederación de Empresarios de Ourense. Con fecha 1 de xuño de 2001 incorporouse Caixanova (agora ABANCA), o 1 de xaneiro de 2003 o Concello de San Cibrao das Viñas, e o 1 de xaneiro de 2006, o de Barbadás. Con fecha 1 de xaneiro de 2015 incorporouse a Deputación Provincial de Ourense.

A Fundación Feiras e Exposicións de Ourense foi clasificada pola Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública por Orde do 23 de febreiro de 1.993, (D.O.G. nº 44, do 5 de marzo) como benéfico-privada de carácter mixto, adscribíndoa á entón Consellería de Industria e Comercio (actualmente Consellería de Economía, Emprego e Industria), e foi declarada de interese galego por Orde do 16 de marzo de 1.993 (D.O.G. nº 64, do 5 de abril), inscribíndose no Rexistro Único de Fundacións co número 1993/8.

En reunión ordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2014 o Patronato da Fundación Expourense acordou a modificación dos artigos 6 e 7 dos estatutos da Fundación para incluír especificamente a organización de eventos deportivos e certames que poñan en valor o deporte. Así no artigo 6 dos estatutos no que se recolle o obxecto e fins da Fundación establece que son fins da mesma a promoción e fomento da actividade económica a través da celebración periódica de certames, feiras (...) deportivas, en Ourense de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local(...).

III.No ano 2016 a Xunta de Galicia proxectou e executou a obra de instalación dunha pista de atletismo hidráulica cuberta no recinto feiral de Expourense en Ourense con o obxectivo de mellorar a dotación de infraestruturas deportivas tanto da propia cidade como de toda a Comunidade Autónoma, servindo tamén para dar maior satisfacción á crecente demanda social existente na modalidade deportiva do atletismo, e das súas respectivas especialidades deportivas.

A concreta ubicación da pista cuberta nas instalacións de Expourense responde a criterios de optimización dos recursos existentes e de redución do gasto, toda vez que suporá unha instalación deportiva cuberta sen necesidade de afrontar un novo pavillón que a comprenda, e mellorando as actuais instalacións da Fundación, que verá ampliada a súa funcionalidade, ao sumar aos feirais os usos deportivos.

IV.A Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral para o Deporte –en adiante a Secretaría Xeral para o Deporte- e Expourense asinaron o 11 de abril de 2016 un Convenio de Cooperación para levar a cabo as obras de instalación dunha pista de atletismo hidráulica cuberta no recinto feiral de Expourense en Ourense. Segundo establecía a cláusula primeira do citado convenio, era obxecto do citado acordo establecer as bases de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e Expourense *“(...) para a posta a disposición por parte da citada Fundación a favor da Administración autonómica da súa instalación feiral, ao fin de que a Secretaría Xeral para o Deporte leve a cabo na mesma a construción dunha pista de atletismo cuberta, cun sistema hidráulico que permita a total compatibilidade do seu uso deportivo co uso feiral ao que actualmente se destina o espazo (...)”*

V. Unha vez executada e recepcionada a obra comprobase que é necesaria a instalación dun sistema de protección da pista cando se proceda ao uso feiral do recinto para evitar deterioros no pavimento por mor de graxas, líquidos ou sustancias susceptibles de deteriorar o material da pista deportiva. Así mesmo é necesario que esta protección non produza desniveis que podan dar lugar a caídas dos visitantes aos eventos feriais ou entorpecementos na instalación dos stands.

VI.A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público regula a colaboración interadministrativa e entre a Administración Pública e particulares coa finalidade mellorar a eficiencia da xestión pública e facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula a colaboración no ámbito do sector público autonómico partindo dos principios de colaboración, cooperación e asistencia recíprocas coa finalidade de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos. Nos artigos 15 e 16 establécese que os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público autonómico poderán chegar a acordos para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común.

Neste caso atopámonos con que unha das partes non forma parte do sector público autonómico pero sí se trata dun poder adxudicador de acordo co artigo 3.3 d) da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, o que provoca que teña encaixe esta actuación na denominada “contratación conxunta esporádica” xa prevista no artigo 38 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública que dispón que “dous ou máis poderes adxudicadores poderán acordar a realización conxunta de determinadas contratacións específicas”, establecendo que os poderes adxudicadores interesados terán a responsabilidade conxunta do cumprimento das súas obrigas, responsabilidade que introduce o artigo 31.3 da lei 9/2017 de contratos do sector público.

A Fundación Expourense ven xestionando de forma claramente exitosa o recinto feiral e para elo conta cos medios e o persoal necesarios para levar a cabo a licitación pública da organización e execución dos eventos feriais. En definitiva, considérase oportuno e beneficioso para o interese público que a Fundación Expourense lle preste a súa colaboración á Secretaría Xeral para o Deporte para levar a cabo a contratación conxunta das obras de instalación dunha protección da pista de atletismo hidráulica cuberta, no Recinto Feiral de Expourense.

Por todo o anterior, a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura do presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: obxecto

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) para acometer as obras de reforma da protección da pista de atletismo hidráulica no recinto feiral de Expourense segundo o recollido na memoria valorada redactada polo arquitecto Cristobal Ocariz Meana.

En concreto ten por obxecto a licitación, adxudicación e execución do contrato das obras de reforma da protección da pista de atletismo hidráulica cuberta no Recinto Feiral de Expourense, en Ourense.

Segunda: obrigas das partes

A Fundación Expourense obrígase a realizar as seguintes actuacións:

- Realizar os actos e negocios xurídicos propios da preparación, selección de contratista, adxudicación do contrato público necesario para a execución do obxecto do convenio.
- Nomear unha persoa responsable do seguimento e control técnico da execución da obra.
- Asumir, no caso de que así se requirise, a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licenzas ou autorizacións regulamentarias para levar a cabo a obra obxecto deste convenio.
- O pagamento ao contratista, nos termos establecidos no contrato e segundo o prezo de adxudicación, unha vez recibidos de conformidade e certificados pola Fundación Expourense.
- A recepción das obras dando conta dela á Secretaría Xeral para o Deporte, de acordo co réxime xurídico previsto para este acto na Lei 9/2017 de contratos do Sector Público.

A Secretaría Xeral para o Deporte obrígase a realizar as seguintes actuacións:

- A aportación da Memoria Valorada que acompañará aos Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
- O financiamento do importe total do contrato tal e como se establece na cláusula terceira, para o cal levará a cabo as actuacións contables necesarias para proceder a transferencia de capital a Fundación Expourense.
- O seguimento e control técnico da execución da obra.
- Asistir ó acto de recepción das obras.

Terceira: réxime para o financiamento das actuacións

A Secretaria Xeral para o Deporte comprométese a cumprir o réxime de financiamento de seguido relacionado, por un importe máximo de TRESCENTOS SESENTA MIL SETECENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (360.749,68€):

O importe total destinado ó contrato de reforma da protección da pista de atletismo hidráulica cuberta ascende a TRESCENTOS CINCUENTA E CATRO MIL SEISCENTOS DEZASEIS EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (354.616,68€), IVE engadido con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.632.2 (código de proxecto 2016 00004) do seu orzamento de gastos para o exercicio 2018 co fin de posibilitar a contratación da obra por parte da Fundación Expourense. Neste importe entendese comprendido o contrato principal das obras.

Por outra banda, é preciso contratar a dirección facultativa das obras, para o que a Secretaría Xeral para o Deporte se compromete á súa financiación por un importe total de SEIS MIL CENTO TRINTA E TRES EUROS (6.133,00€).

Ao tratarse dun compromiso de gasto superior a 150.000,00€, en virtude do establecido pola Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, é requisito previo para a subscrición deste acordo a autorización do Consello da Xunta de Galicia e, polo tanto, respectaranse as disposicións contidas no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Os maiores gastos que se deriven da execución do contrato sobre o orzamento de adxudicación, derivados de modificacións contractuais, revisións de prezos ou liquidacións, corresponderán á Secretaría Xeral para o Deporte e requirirán a realización dunha previa addenda a este acordo de colaboración na que se contemple a retención dos maiores créditos precisos. En calquera caso a aprobación de revisións ou modificacións do contrato precisarán a conformidade previa da Secretaría Xeral para o Deporte.

O órgano de contratación da Fundación Expourense iniciará e aprobará o correspondente expediente de contratación, motivando a necesidade do contrato nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público, para o que contará tamén coa información facilitada pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Nos pregos que rexan a contratación deberá regularse expresamente que na execución da obra de reforma da protección da pista de atletismo hidráulica cuberta existe responsabilidade conxunta do cumprimento de obrigas tal e como establece o artigo 31.3 da LCSP.

A Secretaría Xeral para o Deporte será responsable da obriga do pago á Fundación Expourense previa presentación da correspondente certificación de obra conformada.

Cuarta: vixencia do convenio e causas de resolución

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata o momento que finalice a execución do contrato previsto, como máximo ata o 30 de novembro de 2018

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sin que se teña acordado a prórroga do mesmo.
- 2.-O acordo unánime de todos os asinantes.
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- 4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Quinta: modificación do convenio

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

- 1.-Por acordo unánime dos asinantes.

2.-De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

Sexta: comisión de seguimento, interpretación e control

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión de seguimento integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes que poden estar asistidos polos técnicos que estimen oportunos, previa comunicación da súa designación.

Na comisión de seguimento e control informarase sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do contrato para a súa aprobación, conforme as limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación.

Sétima: Publicidade e rexistros públicos de axudas

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, a Fundación consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ao obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Así mesmo consinte na publicación do convenio que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido as obrigas específicas de información sobre convenios.

Oitava: Réxime xurídico e resolución de conflitos

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán analizadas e resoltas pola Comisión de Seguimento e no seu defecto serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas polo artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Baixo os termos referidos e en proba de conformidade, asínase este convenio de cooperación en triplicado exemplar no lugar e data indicados.

A Secretaria Xeral para o Deporte

O Vicepresidente Primeiro Executivo

Marta Míguez Telle

Jesús Vázquez Abad